



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Fundamentos de administración de empresas

Materia	Fundamentos de administración de empresas			
Código	V12G360V01802			
Titulación	Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Urgal González, Begoña			
Profesorado	Urgal González, Begoña			
Correo-e	burgal@uvigo.es			
Web	<a href="http://moovi.uvigo.gal/">http://moovi.uvigo.gal/</a>			
Descrición xeral	Esta materia tiene por objeto dar a conocer los aspectos fundamentales de la administración de empresas y la importancia del sistema de información económico-financiero, para analizar la situación patrimonial y competitiva de la empresa, de manera que sirva de apoyo a la toma de decisiones empresariales			

## Competencias

Código	
B9	CG9 Capacidade de organización e planificación no ámbito da empresa, e outras institucións e organizacións.
D5	CT5 Xestión da información.
D8	CT8 Toma de decisións.
D9	CT9 Aplicar coñecementos.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
<input type="checkbox"/> Coñecer a base sobre a que se apoia a análise económica financeiro da empresa.	B9	D5
<input type="checkbox"/> Coñecer as ferramentas que se utilizan na análise económica financeira.		D8
<input type="checkbox"/> Coñecer os aspectos básicos de xestión económica financeira.		D9
Coñecemento sobre os fundamentos da empresa e das ferramentas específicas para a súa análise financeira.	B9	D5 D8 D9
Coñecemento sobre os fundamentos da administración e dirección de empresas e os procesos de xestión	B9	D5 D8 D9

## Contidos

Tema	
TEMA 1. A EMPRESA E A DIRECCIÓN DE EMPRESAS	A empresa e a súa contorna. A propiedade, a dirección e o goberno da empresa. A estrutura organizativa da empresa.
TEMA 2. A INFORMACIÓN CORPORATIVA	Información xerada pola empresa. Información financeira e non financeira.
TEMA 3. ANÁLISE ESTRUTURAL	Análise patrimonial. Equilibrio financeiro. Análise baseado en ratios financeiras.
TEMA 4. ANÁLISE DA RENDIBILIDADE E DOS CUSTOS	Rendibilidade. Apalancamento financeiro. Estructura de custos. Marxe bruto. Umbral de rendibilidade. Apalancamento operativo. Produtividade.
TEMA 5. A TOMA DE DECISIÓNS NA EMPRESA	Métodos de apoio á toma de decisións. Risco e incerteza. Decisións secuenciais. Decisións de investimento e financiamento.
TEMA 6. DIRECCIÓN COMERCIAL DA EMPRESA	O proceso de marketing. As ferramentas de marketing.

<b>Planificación</b>			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	32.5	64.5	97
Prácticas de laboratorio	18	18	36
Exame de preguntas obxectivas	2	4	6
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	8	11

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e casos de estudo e exercicios que sirvan de complemento.
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo.

<b>Atención personalizada</b>	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e casos de estudo e exercicios que sirvan de complemento.
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo.

<b>Avaliación</b>				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Prácticas de laboratorio	Resolución de problemas e/ou exercicios mediante a aplicación de rutinas, procedementos e fórmulas a partir da información dispoñible.	20	B9	D5 D8 D9
Exame de preguntas obxectivas	Proba tipo test de escolla múltiple sobre contidos teóricos e prácticos.	20	B9	D5 D8 D9
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba con cuestións teóricas e prácticas.	60	B9	D5 D8 D9

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

#### 1. AVALIACIÓN CONTINUA

A avaliación continua é o sistema de avaliación principal. Esta consta dos seguintes elementos:

- **Proba de avaliación intermedia.** Esta proba será tipo test, desenvolverase no horario do bloque teórico, nunha data establecida ao comezo da docencia, e o seu contido será teórico e práctico. Este exame representará o **20% da cualificación final** da materia. Esta proba non é recuperable, é dicir, se un/unha alumno/a non pode realizala na data estipulada, a profesora non ten a obriga de repetila.
- **Prácticas.** O cumprimento das tarefas desenvolvidas durante as prácticas suporá o **20% da cualificación final** da materia. Avaliarase cada práctica desenvolvida polo alumno, sendo a nota total de prácticas, a media aritmética das notas obtidas nelas. As prácticas non son recuperables, polo tanto, se non se asiste a unha práctica, a nota desa práctica será cero.
- **Exame final.** O exame que terá lugar na data oficial fixada na planificación docente do curso completará o **60% restante da cualificación final**. **IMPORTANTE:** É imprescindible neste exame obter unha puntuación mínima de 4, nunha escala de 0 a 10, para aprobar a materia. Este exame consta de dúas partes, unha parte teórica tipo test e outra práctica que incluírá unha serie de exercicios a desenvolver.

#### 2. AVALIACIÓN NON CONTINUA

No caso de estudantes que renunciaren expresamente á avaliación continua, realizarase un único exame, na data oficial fixada na planificación docente do curso, que dará a posibilidade de obter o 100% da nota. Este exame constará de dúas partes, unha parte teórica tipo test e outra práctica que incluírá unha serie de exercicios a desenvolver. **IMPORTANTE:** É

unha condición necesaria, aínda que non suficiente, para aprobar a materia, obter na parte teórica unha puntuación mínima de 5, nunha escala de 0 a 10.

### 3. RECUPERACIÓN DE XULLO

O exame de recuperación de xullo será similar ao exame final. Os/as estudantes que optaron pola avaliación continua poderán elixir que a nota da materia sexa o 100% da puntuación obtida neste exame. Para iso, o/a alumno/a deberá avisar á profesora unha semana, como mínimo, antes do exame.

### 4. COMPROMISO ÉTICO

Espérase que o/a estudante presente un comportamento ético adecuado. No caso de detectar comportamentos non éticos (copia, plaxio, uso de dispositivos electrónicos non autorizados e outros) considerarase que o/a estudante non cumpre os requisitos necesarios para aprobar a materia. Neste caso, a nota global do presente curso académico será un suspenso (0,0).

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

Iborra Juan, M. y otros, **FUNDAMENTOS DE DIRECCIÓN DE EMPRESAS**, 84-9732-371-8, Thomson, 2007

Moyano Fuentes, J. y otros, **ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS. UN ENFOQUE TEÓRICO-PRÁCTICO**, 978-84-8322-752-7, Prentice Hall, 2011

### **Bibliografía Complementaria**

Cuervo García, A., **INTRODUCCIÓN A LA ADMINISTRACION DE EMPRESAS**, 978-84-4702-867-2, Civitas, 2008

Bueno Campos, E., **CURSO BÁSICO DE ECONOMÍA DE LA EMPRESA. UN ENFOQUE ORGANIZATIVO**, 978-84-3681-911-3, Pirámide, 2004

---

## **Recomendacións**

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Empresa: Introducción á xestión empresarial/V12G360V01201

Fundamentos de organización de empresas/V12G360V01305

### **Outros comentarios**

Para matricularse nesta materia é necesario ter superadas ou ben estar matriculado de todas as materias dos cursos inferiores ao curso no que está emprazada esta materia.

En caso de discrepancias, prevalecerá a versión en castelán desta guía.

---

## **Plan de Continxencias**

### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou parcialmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

A actividade docente impartirase a través do Campus Remoto, empregando tamén a plataforma de teledocencia Moovi como reforzo, todo sen prexuízo de poder empregar medidas complementarias que garantan a accesibilidade dos estudantes aos contidos docentes.

As titorías realizaranse por medios telemáticos, de xeito asincrónico (correo electrónico) ou por videoconferencia, neste caso previa cita.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

No caso de non poder realizar as probas presencialmente, manterase a mesma estrutura de avaliación (mesmas probas e mesmos pesos), pero as probas realizaranse a través dos medios telemáticos dispoñibles na Universidade de Vigo (Moovi, Campus remoto , etc.)

---